



“Busco a intensidade e a alerta, intentar que non todo sexa tan predicible”

[Montse Dopico](#)

19 de decembro de 2015

<https://praza.gal/cultura/lbusco-a-intensidade-e-a-alerta-intentar-que-non-todo-sexa-tan-predicibler>

Mulleres que decidiron ser ladras. Coller o que lles foi negado. Que delinquen non levadas por impulsos ou emocións, senón porque resolveron facelo. Que se vingan, porque a vinganza simbólica, e elegante, pode axudar á reparación tras ter sufrido agresións. Que atacan porque sempre están a defenderse. Que non se resignan a agardar a que pase a violencia. Así son as protagonistas de *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores*, o libro co que Silvia Penas gañou o premio Avelina Valladares de poesía do 2015. A autora levara xa o Lueiro Rey no 2013 con *As uñas crecen* e o Vitoriano Taibo, compartido con Elvira Riveiro, con *Biografía da multitude*. A súa poesía, -que tamén fai, mais recitada, cantada ou berrada, co grupo Cinta Adhesiva-, é ferida e forza. Potencia e dor. Procura da beleza onde non se a espera. Ou, como ela mesma dixo, confianza en que, en lugar de que volva arder, alume.

***Diario de ladras, asasinas e flores* ten estrutura de diario, como xa o di o título. Por que optaches por esa estrutura e pola idea do diario?**

A estrutura segue o pasar dos días coma nun xornal ou un diario íntimo, efectivamente. No momento de estar escribindo algúns dos textos coñecín, grazas á miña amiga Iria Presa, o *Diario de los asesinos (órgano oficial de acuchilladores y ladrones)*, que é unha edición facsímile dun xornal publicado en Lyon en 1884, onde se recollen crónicas, obras de teatro, consellos para delinquir, maneiras de perpetrar un roubo..., todo ten que ver co ámbito da delincuencia. Non se sabe moito da orixe, suponse que detrás está a pluma de diferentes escritores. Fascinoume este xornal provocador e como tiña un título tan masculino e un contido tan asumidamente masculino, quixen, á miña maneira, é dicir, coa poesía, crear un espazo simbólico onde as mulleres puidésemos delinquir ás nosas anchas. Ademais cadrou que os textos que xa comezara a escribir tiñan moito que ver coa violencia.

Hai ladras, asasinas, bailarinas. Quen son as ladras? En que se distinguen das bailarinas? E das mulleres con flores? Ás veces, ademais, parece que unhas se transforman nas outras.

Son diferentes caras, efectivamente, que teñen que ver con como nos ven, como nos vemos, como queren vernos, como queremos vernos e como somos. As ladras non están opostas ás demais mulleres enunciadas no título e no libro, senón ás que non están, á figura feminina da cleptómana: unha muller que padece unha doenza mental que a obriga a delinquir e que representa esa idea das mulleres dominadas polas súas hormonas, ou como "toliñas sentimentais". Estas ladras, porén, deciden por si mesmas e han utilizar as súas habilidades para roubar, para coller o que lles foi negado. Canda elas, a docilidade da bailarina é unha ameaza, un exército de fantasmas que a cultura creou arredor dunha icona do romanticismo. As mulleres con flores son incómodas e duras -fillas de carniceiras- agresivas.

Esas mulleres, unhas veces atacan e outras son atacadas. Por que?

Atacan porque están sempre defendéndose.

Fai pensar, ademais, como nun darlle a volta á imaxe da muller como vítima, como ser pasivo. Por que?

As mulleres somos vítimas fronte ao poder omnipresente do patriarcado e a súa violencia, para min é evidente. De todos modos, considero que a nosa defensa ten que pasar polo ataque. Desde logo a espera e a confianza no cambio está claro que non funcionan.

En *As uñas crecen* son precisamente as uñas (roídas, afiadas...), o fío condutor. Por que?

Porque son unha parte do corpo insignificante de constante rexeneración onde moitas veces se centran as frustracións: a ansiedade, a raiba...

Comeza falando de decepción, de ansiedade, de expectativas incumpridas. Por que?

Porque a primeira parte do libro relata un tempo de toma de consciencia de si mesmo. Un encontro brusco coa realidade e o desencanto que produce.

Xa neste libro aparece a idea de vinganza. "Con sumo coidado te extermino/ con boa cara e bos modos". Unha vinganza elegante, enténdese...

Si. Eu son moi amiga da vinganza, a pesar de que estea tan mal vista. As persoas necesitamos unha reparación, psicolóxica ou emocional cando menos, despois de ter sufrido agresións, despois de ter vivido conflitos violentos e telos perdido inxustamente. Moitas veces esta reparación non é posible na vida real e entón hai que recorrer á vinganza simbólica, que non é o mesmo, pero serve. A vinganza elegante é para min un medio para construír aprendizaxe.

A segunda parte do libro enfróntase á perda, a morte, a enfermidade, o corpo que se perde. Salienta a perda do corpo, da memoria... Como se relacionan entre si estas ideas? Que representa a casa?

A casa e a figura materna están usadas un pouco indistintamente, ambas son lugares onde se conforma a identidade, e albergan memoria e desmemoria, a enfermidade e o acubillo á vez.

"Sae do meu poema", di un dos versos dun dos poemas que recitas a miúdo. Ten relación coa primeira parte de *As uñas crecen*, reacción ante unha certa idea do amor construída socialmente. Por que?

Ten relación en canto que foron escritos na mesma época e a teima nese momento era mudar as sabas da cama.

Tes poemas que só recitas e non publicas en papel, outros que tes en papel e recitas, outros que non recitas... Hai algo que faga un poema máis axeitado para recitar ou para ler? Ou é algo máis intuitivo?

Eu non sei teorizar moito sobre o que ten que ter un texto para que funcione no recitado, pero sei que hai algunhas claves que axudan a que funcione na oralidade: as frases curtas, a linguaxe directa, con imaxes que poidamos rapidamente visualizar... Que teña cambios internos para poder cambiar a entoación. De todos modos eu a selección fágoa intuitivamente e tendo en conta a música.

Como é, nese sentido, o proceso de traballo en Cinta Adhesiva. Primeiro o poema, logo a música, ou ao revés? E co vídeo?

Normalmente vai primeiro a música, sobre todo porque Jesús traballa moito e con frecuencia e eu son caótica. Hai que dicirme que a música xa está para que me poña a preparar o texto. Resúltanos máis fácil recortar e xuntar palabras que música, pero temos feito o proceso contrario. No caso dos vídeos de Area Erina, normalmente réalzaos cando a o tema enteiro xa está rematado, pero tamén o fai ás veces partindo unicamente do texto.

Comezaches en recitais poéticos -coas Redes Escarlata, por exemplo-, e despois veu Cinta Adhesiva, non hai tanto. Como veu esa evolución? Cantas moi ben para levar pouco tempo cantando.

Canto desde cativa, algo do que se queixaba moito a miña irmá. Pero sempre de portas -do coche- para dentro. Sempre me deu moita vergoña, é algo que segue a custarme facer en público. Recibín e recibo sempre que podo clases de canto e técnica vocal e iso axudoume a cantar máis relaxada.

Con Cinta Adhesiva recitas, cantas... e berras. E moi ben. Transmite a mesma forza que os libros de poemas. É o que buscas? A ferida e a forza, a enerxía e a melancolía, a fraxilidade e a potencia... é como mestura diso.

É o que busco si. Busco a intensidade e a alerta, intentar que non todo sexa tan predicible. Grazas polo de berrar ben, practico moito, porque é fácil caer na histrionismo.

Nos recitais, uns poemas son máis íntimos -Como o de "Sae do meu poema"-, e outros máis políticos. Aínda que o íntimo tamén é político, -como no poema no que usas un altofalante-. Como ves ti iso?

Efectivamente son o mesmo, se cadra cambia un pouco onde se sitúa a voz poética e nada máis. No texto en que uso un altofalante o que trataba era de levar ao escenario o que tantas veces vemos na rúa, e no poema máis íntimo que mencionas, que se chama *punklove*, comecei facéndoo con altofalante, despois deixei de facelo por cuestións técnicas, pero a idea era que aquilo, supostamente máis persoal, tamén quería berrallo na rúa ou no escenario.

A *tiranía do des* tiña que ver coa apatía. Neste bosque era un poema en cinco partes. Que relación teñen cos dous libros máis recentes?

Non sabería dicilo. O desencanto de *a tiranía do des*- penso que segue coma unha sombra nestes últimos poemarios. De *Neste bosque* non sabería dicilo.

A poesía é, dixeches, "unha clase de perseveranza sobre o terreo queimado, a confianza en que, en lugar de que volva arder, alume". En que sentido?

No sentido de poder crear algo novo, aínda que pareza que todo está explorado e dito. Ou mesmo se se repite, que sirva.

Do que podía alumar despois da ruína falabades Elvira Riveiro e ti en *Biografía da multitude*. En que sentido?

Era unha imaxe idílica e á vez catastrófica: saltarse o presente, facelo arder para construír futuro.

Hai, en todo o que fas, tamén, un sentido como de buscar a beleza a través do que pode parecer contrario a ela. O sórdido, por exemplo. No fondo é un pouco romántico... Mais ten que ver con toda a historia (na arte, na música) da procura da beleza na fealdade, no que dá medo... En que sentido?

Si, efectivamente está moi visto iso de buscar a beleza nas cousas desagradables. A intención tampouco é descubrir a pólvora agora, porén o obxectivo avanza sobre o cuestionamento da propia idea de beleza. É isto tan desagradable?. Ou hai certo gozo?. O que é belo, porque o é?